



1ª Acta do tribunal para a creación dunha bolsa de emprego temporal de Traballador/a Social do SAF

En Guitiriz, a 04 de setembro de 2019, e sendo as 11:00 horas, reúnen no Concello e Guitiriz, coa finalidade de constituír o tribunal e iniciar a creación dunha bolsa de emprego temporal de Traballador/a Social do SAF.

Preside o acto don Rafael del Barrio Berbel, secretario municipal do Concello de Guitiriz, actúan como vogais, dona Carmen Arguiz Ledo traballadora social municipal, don José Ferreiro Fernández, interventor municipal en réxime de acumulación de funcións e dona Ana Isabel Blanco Pazos arquitecta técnica municipal. Actúa como Secretario do Tribunal Jose Cornide Rio suplente da titular tras presentar a súa renuncia.

Procedese por parte do tribunal a elaboración do exame tipo test, que consiste en 20 preguntas con tres respostas alternativas máis 2 preguntas de reserva. Proponse o protocolo de identificación do exame mediante número de control.

A continuación o tribunal acude a aula CEMIT, sita na rúa do Concello,42 – Guitiriz, a realización da proba da fase de oposición (proba tipo test) segundo se establece nas bases da convocatoria.

As 13:00 comeza o chamamento dos aspirantes admitidos segundo consta no decreto de alcaldía do 26/07/2019, por parte do presidente e un vocal que comproba o documento de identificación do aspirante, presentándose os seguintes candidatos/as .

NOME E APELIDOS
Begoña Martínez Fernández
Tania Moure Eiriz
Mar Palmeiro Sánchez
Maria Angeles Rey López
Violeta Vázquez Barreiro

A continuación o tribunal procede a explicar a dinámica do exame, que consta dos seguintes pasos:

- Entrega da folla de control con un número aleatorio que deberán cubrir cos seus datos, quedando con unha parte da folla o tribunal para introducilos nun sobre que se pecha , asíñase e sélase posteriormente, e a outra parte o aspirante.
- Entrega do exame tipo test a cada aspirante

Unha vez realizado os pasos anteriores, comeza o exame sendo as 13:02 hras. tendo 30 minutos para a realización da proba.





O exame dase por rematado na entrega do último exame as 13:27 hras.

A continuación procedese a corrección dos exames tipo test por parte do tribunal, acadándose o seguinte resultado:

Nº DE CONTROL	PUNTUACIÓN EXAME TIPO TEST
12	7,5
6	7
5	7
7	9
8	8,5

A vista de canto antecede o tribunal por unanimidade dos presentes acorda:

1º.- Publicar o resultado da puntuación **do exame tipo test e a plantilla de respostas** na páxina web do Concello, no taboleiro de anuncios e na sede electrónica do Concello de Guitiriz e abrir un prazo de 3 días para que os aspirantes presenten reclamacións que serán resoltas polo tribunal.

2º.- Transcorrido o periodo de alegacións, e de non existir reclamación algunha, o listado provisional pasaría a definitivo.

3º.- Convocar os aspirantes que superaron o primeiro exercicio a realización do segundo exercicio do proceso selectivo para o **día 10/09/2019 as 10:00 hras.** no salón de plenos da Casa Consistorial de Guitiriz.

E para que conste asinan a presente, os membros do tribunal enriba citados, dando por finalizado o acto ás 13:45 h. de todo o que como Secretaria do tribunal dou fe,

Presidente,

Vogais,

Secretario

